

RESOLUCION DA ALCALDÍA 28 DE MARZO DO 2017

Visto o informe – Proposta do técnico de contratación do expediente CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EDUCACIÓN SOCIAL PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “VIVENDA 10” DENTRO DO PROGRAMA PARA A INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA (EXP.017-SERVMen17) que sinala diversos extremos sobre este expediente, sendo de salientar que estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos (art. 23 ex. art. 89 TRLCSP), non procedendo esta figura de contrato menor para esta prestación.

A competencia para contratar, de conformidade co previsto no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, atribúese ao Alcalde, sempre que o importe do contrato non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento. Se sé supera a referida porcentaxe a competencia corresponderá ao Pleno. No entanto, e de conformidade co Decreto de Alcaldía de 18.06.2015 (BOP nº 160 de 14.7.2015), dita competencia atópase delegada na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos.

Visto o informe da Coordinadora dos Servizos Sociais comunitarios de 16.3.2017 e a Providencia da Concelleira Delegada competente da mesma data, faise constar que.-

Polo que antecede, sen prexuízo de que se faga por contrato menor dada a urxencia pero atendendo ao informado será obxecto futuro do procedemento que corresponda,
RESOLVO:

PRIMEIRO: Avocar, con carácter singular a competencia delegada na Xunta de Goberno. para a adopción do presente acordo.

SEGUNDO.- APROBAR o gasto correspondente con cargo á aplicación orzamentaria 231.22706 do orzamento xeral.

TERCEIRO.-: ADXUDICAR, coa advertencia recollida no informe, por “contrato menor”, á empresa Mundo Imaxinatia S.L. con CIF. B27443738 e/r D^a. Carmen Victoria Mira Fructuoso con DNI. 23051966-D o servizo de “Educación Social para a execución do proxecto “Vivenda 10” dentro do programa para a inclusión social da poboación xitana no exercicio 2016-2017 (EXP.017-SERVMen17), polo importe de 8461,53.-€ aos que habería que engadir 846,15.-€ en concepto de IVE (10%) o que fai un total ascendente de 9.307,68.-€, polo período que vai do 1.4.2017 ao 31.12.2017 e segundo o orzamento que achega (NRE.4180/2017 de 23.3.2017).

CUARTO.- Unha vez prestado o servizo, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

O que manda e asina a o Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos, a vinte e oito de marzo do deus mil dezasete, do que coma secretario dou fe e certificado.

O Alcalde

Asdo: José Tomé Roca

O Secretario

Asdo: Jose M^e Baños Campo